

# **NOTA DE PRENSA**

## **O Alcalde de Boiro e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asinaron o protocolo para o acondicionamento dun camiño veciñal en Moimenta**

**Mércores, 8 de xullo de 2009.** O Alcalde de Boiro, Xosé Deira Triñanes, e o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, asinaron esta mañá en Santiago, na sede do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), o protocolo de convenio entre ambas institucións para acondicionar e mellorar un tramo dun camiño veciñal no núcleo de Moimenta, na parroquia de San Xoán de Macenda. No acto tamén asinaron os respectivos protocolos outros 15 rexedores municipais, dos concellos de Betanzos, O Corgo, Mondoñedo, Palas de Rei, Quiroga, Xove, Leiro, Melón, Riós, Sandiás, Cerdedo, Campo Lameiro, Forcarei, Ribadumia e Gondomar, todos co obxectivo de realizar actuacións en camiños veciñais e ordenación de áreas urbanas.

O Ministerio de Vivenda subvencionará integramente as obras a executar, a través do Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego. A partida orzamentaria é de case 7 millóns de euros, dos cales preto de 300.000, concretamente 293.438,53, corresponden á actuación no núcleo de Moimenta.

O Alcalde de Boiro, que interviu en representación dos representantes municipais asistentes, mostrouse satisfeito con esta actuación e apostou por incrementar a colaboración entre os concellos, Xunta de Galicia e Goberno Central para xestionar medidas que, como esta, contribuirán a crear emprego e revitalizar o sector da construción, ademais de mellorar e poñer en valor un núcleo tradicional como é o de Moimenta.

**Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro.**